



COMUNICACIÓN 4 DE MAIO DE 2020 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA SOBRE O ADIAMENTO DE EXAMES POR MOR DA SITUACIÓN SANITARIA DERIVADA DO COVID-19.

Con motivo da situación sanitaria derivada do COVID-19 ditouse o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma (BOE núm. 65, 14-03-2020) que conlevou a adopción de medidas de confinamento, limitacións de desprazamentos, de distancias de seguridade mínima entre persoas, etc.

Con data do 28 de abril de 2020 publicouse o Plan para a transición deixa unha nova normalidade do Ministerio de Sanidade no que se conteñen as previsións da recuperación da actividade e as medidas escalonadas para tal finalidade.

O parágrafo 1 da Disposición Adicional Terceira do xa referenciado Real decreto 463/2020 di: *"Se suspenden términos y se interrumpen los plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del sector público. El cómputo de los plazos se reanudará en el momento en que pierda vigencia el presente real decreto o, en su caso, las prórrogas del mismo."*

Polo tanto, desde o día 14 de marzo deste ano, e ata que o dito real decreto perda a súa vixencia, os prazos e termos dos procesos selectivos convocados pola UDC correspondentes as Ofertas de Emprego Público de persoal de administración e servizos dos anos 2015, 2016, 2017, 2018, estabilización e 2019, permanecen suspensos e interrumpidos ata a súa perda de vixencia, en que se reanudarán.

Porén, tanto desde a Xunta de Persoal como a través de comunicacións particulares á Xerencia da UDC e ás presidencias dos tribunais de selección, traslándose a inquedanza das persoas participantes sobre as datas de celebración dos exames correspondentes aos procesos selectivos das ditas OEP's do PAS.

Así pois, perante esta situación e coa finalidade de achegar certezas e seguridade ás máis de tres mil persoas participantes nos sinalados procesos selectivos, a Xerencia co asentemento das presidencias dos tribunais de selección , comunica que non se celebrarán exames derivados desas procesos antes do 1 de outubro de 2020.

Asinado dixitalmente polo xerente da UDC.

Código Seguro De Verificación	FCINRPBvVBdkIBJ31+qGGA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Axinado	04/05/2020 13:23:39
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FCINRPBvVBdkIBJ31+qGGA==		